



ROTEIRO DE SAA



CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ

EXECUTA:



Ruta de Saa.

Como chegar: Saa localízase a 3 Km ó NE de Rioseco, capital municipal. A carón da estrada OU-101 que comunica Ourense con Maceda. O inicio da ruta atópase no centro da aldea.

Inicio/Fin: Saa. **Percorrido:** 11 km.; Saa-Moás-San Cristovo-S. Salvador de Mourisco-Saa. **Duración estimada:** 7 h. **Dificultade:** media. **Recomendación:** especialmente deseñada para facela en bicicleta

Percorrido:


Partimos de Saa cara Eiravedra e no medio da aldea de Saa atopámonos con dúas pezas de arquitectura popular moi interesantes, cruceiro con data de 1890 e un magnífico peto de ánimas no cruce de camiños de Saa a Mourisco.

O peto aséntase sobre unha plataforma dobre fiada; o corpo inferior de lados cóncavos, queda separado do superior por medio dunha cornisa de cuarto bocel, sobre a que se asenta a pequena hornacina de medio punto, sen contido na actualidade. Constitue o remate unha cornisa de cima recta servindo de base ó pedestal dunha cruz, na que se repite o xogo de liñas do corpo inferior. Unha mutilada inscrición informa sobre o momento da súa erección: 1.800.

Unha vez chegamos a Eiravedra xiramos á dereita en dirección a Moás, lugar no que iniciamos o ascenso cara a A Biduíza.

Unha vez chegamos á planice de A Biduíza, coroada por un índice xeodésico podemos descansar e disfrutar da paisaxe antes de comezar o descenso cara San Cristovo. Deixamos a paisaxe pelada da serra e nos adentramos nas carballeiras por corredoiras tradicionais.


Abandoamos os camiños tradicionais e voltamos ó duro asfalto, á dereita temos San Cristovo, a esquerda o noso camiño. Pasamos ante a capela do Campo e chegamos a San Salvador de Mourisco, xiramos á dereita e ó fondo atopámonos novamente co peto de ánimas, ante o cal, se queremos, podemos deixar unha esmola para que as ánimas dos nosos defuntos abandoen o purgatorio.




Camiño incorrecto



**Camiño correcto
Continuidade**



**Camiño correcto
Xiro á esquerda**



**Camiño correcto
Xiro á dereita**



**Camiño de ida e volta
Derivación**

	Castro
	Cicloturismo
	Vista panorámica
	Fraga
	Cruceiro
	Ermida
	Conxunto arquitectónico
	Aves rapaces
	Raposo
	Coellos
	Xabarin
	Area recreativa
	Igrexa
	Hórreos
	Peto de ánimas
	Equitación
	Aves

ROTEIRO DE SAA

